

Frank Meyer, *Cos ollos da intelixencia e o sentimento*,
Pêl- mêle fel, s.l., Positivas: 2000

Olivia Rodríguez González

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, OLIVIA (2011 [2007]). “Frank Meyer, *Cos ollos da intelixencia e o sentimento*, *Pêl- mêle fel*, s.l., Positivas: 2000”. *Revista de Linguas y Literaturas catalana, gallega y vasca*: 7, 429-431. Reedi- ción en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cul- tura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/62>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, OLIVIA (2007). “Frank Meyer, *Cos ollos da inteli- xencia e o sentimento*, *Pêl- mêle fel*, s.l., Positivas: 2000”. *Revista de Linguas y Literaturas catalana, gallega y vasca*: 7, 429-431

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucio- nais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**FRANK MEYER, *COS OLLOS DA INTELIXENCIA E O SENTIMENTO*,
PÊLE-MÊLE FEL, S.L., POSITIVAS: 2000**

Olivia Rodríguez González

Edicións Positivas, dentro da colección DI-VERSOS, ofrece o primeiro libro de poemas de Frank Meyer, filólogo franco-alemán, con estudos de economía e falante como poucos da lingua galega, que se nos dá a coñecer como poeta existencial do amor. En efecto, é a súa unha poesía do ser no mundo que se busca a si a través do outro, digamos mellor *a outra / as outras*, coas que entra nun contacto físico que transcende cara ó mental-espiritual. Visto así semella que falamos dun poeta esotérico, cousa moi afastada do que quere ser a poesía creada por Frank Meyer: unha poesía do intelecto e o sentimento, si, pero apegada ás cousas deste mundo, ós currunchos e obxectos de cada día que marcan os límites da nosa existencia, como marcan os elementos do medio natural o terreo da vida do animal salvaxe.

O prólogo e as dedicatorias fálannos das inclinacións de F. Meyer cara á poesía do malogrado Lois Pereiro e de Rolf Dieter Brinkmann, autor este último que o propio Meyer estudia en varias publicacións e traduce ó galego en 1998 nesta mesma colección da editorial Positivas. Pero non podemos mencionar sen máis o limiar que para a poesía de Meyer asina desde Berlín Sandra Castiñeiras. Hai que deterse nel para salientar a súa sensibilidade e afectividade limpa e intelixente. Con estes ingredientes fainos a etopea do poeta e consegue explicar certamente o sentido e a formas do seu poemario.

Sen saír do terreo do *paratexto* achamos no título o xogo fonético, e de cruce de significados entre linguas, que revela as claves do poemario: a sensualidade, a confusión, e o doce pracer seguido de dor aceda que resultan da relación amorosa.

[430] Ábrese así unha serie de poemas en premeditada desorde. O primeiro deles, a maneira de exordio, anuncia e resume: como un Bécquer heineniano deste novo século que empezou a camiñar, o poeta remóntase ás orixes con acentos bíblicos e de seguido describe o proceso desde a compañía da muller á soidade final. O punto de partida é a ollada egocéntrica do *eu poético*, ollada que terminará no baleiro:

“no principio existía a ollada
e a ollada á carne
e a carne estaba zumenta (...)
no final existía a ollada
e a ollada estaba baleira (...)” (13).

A presentación tipográfica dos poemas é para todos a mesma que acabamos de ver: sen título e coa primeira palabra destacada, sen maiúsculas nin signos de puntuación agás os dous puntos de cando en vez. Metricamente, son poemas moi breves de versos curtos axei-

tados ó ritmo da fala e, xa que logo, con predominio do octosílabo. Sucédense como versos brancos, sen rima, cun acentuado paralelismo e uso de aliteracións como envoltura do predominante xogo retórico conceptual. A lingua, coidada, discorre con fluír natural, seica entrecortado cun ritmo definido polas estruturas nominais que invaden este discurso lírico. Falariamos de “doce contundencia xermánica” se non significase caer na simplicidade do estereotipo, pero algo así deixan translucir estes poemas que, por outra banda, nos falan directamente do galego prestado e arraigado por amor (p.56), e nunha ocasión deixan aparecer como un berro o idioma alemán (“ich kotze”, p.64).

Diciamos que había unha premeditada desorde na organización do poemario, de xeito que é difícil advertir unha liña cronolóxica ou lóxico-causal nesta sucesión de temas a abanearse entre o gozo do encontro físico e o desacougo da soidade /saudade. Temas, subtemas e motivos, van encabezados pola aparición da muller primordial ou das mulleres coa que esta se funde e identifica. A partir de aquí, degráense outros temas: o amor físico expresado a través da linguaxe das partes do corpo que se fan multifuncionais; e transmitido de maneira visual, pero tamén táctil, olfactiva, gustativa e auditiva,...é dicir, con absolutamente tódolos sentidos. Elementos como a lingua, o pelo, as nádegas, o *ventre e a orixe das pernas* como eufemismos para os órganos sexuais masculino e feminino respectivamente, van cargándose pola súa reiteración de múltiples significados connotativos. Outros temas importantes son a soidade e a acedume do fracaso de amor, dor psíquica expresada fisicamente como a presenza de escoura no sangue. O espacio interior representado polo cuarto, a cama, as paredes, ... vólvese abafante nesa soidade que fai sentir a vertixe do currunchido do eu arrodeado dun espacio exterior hostil, de edificios asfixiantes en cidades anestesiadas. É ferinte o contraste con espazos abertos e as veces cálidos do sur, onde o paso das estacións poden sentirse cando existe a comunicación co [431] outro corpo. Nestes escenarios os obxectos cotiás, como o espello ou o teléfono, cobran o protagonismo de que temos falado antes.

A ollada é leitmotiv constante, de connotacións filosóficas xa mencionadas, e con evidentes implicacións pragmáticas: en ocasións fala o eu poético de si empregando a segunda persoa do verbo, máis que para crear un autodiálogo, para obxectivarse visualizándose. Outras veces é a terceira persoa a que utiliza para falar do seu comportamento, mentres que reserva a segunda para a muller.

O símbolo é clave na lectura destes poemas que din moito pero tamén suxiren e calan a mantenta. Non xa esas metonimias e perífrases que, lonxe de velalas, dan maior relevo ás expresións tabús: hai metáforas e asociacións, que van máis alá porque falan dun segredo que só sabe o poeta. O lector prefere non descubrir o que lle é vedado, e gozar con estes poemas de feitura ás veces tan plástica e visual, que lembran os trazos das miniaturas pictóricas. Esta característica ten moita relación co conceptismo ó que aludimos falando da retórica dominante nos poemas. Os versos nacen de olladas da intelixencia e o sentimento a un tempo, como aquel proverbio de Antonio Machado que nos recordaba que o ollo que estamos mirando non é ollo porque o vemos, senón porque nos ve:

“entre a muller e os meus ollos
eu mesmo
batido dun lado para outro
na vía de luz
sobre a rede do desexo” (p.77)

Frank Meyer estamos dando a voz masculina que nos albores deste século necesitabamos escoitar, porque os homes teñen algo que dicir para explicarse no seu novo lugar en relación coa muller. Quizais non sexa moi disparatado repetir esa coincidencia que advertimos coa poesía dun Bécquer que tratou de contar algo semellante desde unha posición desde logo privilexiada, pero a través dos duros corsés que lle impoñía a súa época. Salvando as enormes distancias entre eles, nun punto si podemos defender a súa converxencia. Cando Meyer dá sentido de mensaxeiro poético a certas *prendas* que falan de amor, palabra que por certo intenta non amentarse neste feixe de poemas, e tan só aparece nestes versos que citamos agora para poñer remate lírico ó noso intento de explicación:

“**un suave** recendo
que cando cos ollos pechos
reclino a cabeza inspiro:
ten unha cara
a cara do amor na miña fronte
na miña pel
a túa bufanda.” (p.23)